

En Madrid, a 27 de abril de 2004

REUNIDOS

Dunha banda, os Sres. **XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO** e **ANXO QUINTANA GONZÁLEZ**, en nome e representación do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**.

Doutra banda, os Sres. **JOSEP ANTONI DURAN i LLEIDA** e **ARTUR MAS i GAVARRÓ** en nome e representación da **Federación Convergència i Unió (CiU)**.

Doutra Banda, o Sr. **JOSU JON IMAZ SAN MIGUEL** e a Sra. **JOSUNE ARIZTONDO AKARREGUI**, en nome e representación de **Euzko Alderdi Jeltzalea – Partido Nacionalista Vasco (EAJ-PNV)**.

DECLARAN

Que por razóns de carácter histórico e debido á vocación secular das sociedades catalá, galega e basca, de proxección exterior e de presenza nos diferentes ámbitos das relacións internacionais, as formacións políticas asinantes da Declaración de Barcelona asumimos o compromiso de dar continuidade ás nosas propostas, reivindicacións e plantexamentos defendidos antes e após a incorporación do estado español á UE.

Esta vocación de proxección exterior e de vontade de presenza internacional, profundamente europeísta, debuxa un sólido cenario enriba do que se asentan os nosos obxectivos políticos de presente e de futuro no ámbito europeo e internacional.

Ao obxecto de desenvolver o documento base suscrito por CiU, EAJ-PNV e BNG o día 6 de abril de 2004 para concorrer conxuntamente ás eleccións ao Parlamento Europeo a celebrar o 13 de xuño de 2004, as formacións

políticas que baixo a denominación “GALEUSCA – Pobos de Europa” concorren en coaligación electoral ás referidas eleccións

MANIFESTAN

O seu compromiso cunha Europa democrática, social, solidaria, respectuosa da súa pluralidade nacional e cultural e promotora dun mundo máis xusto e igualitario, ecoloxicamente sostíbel e en paz.

ACORDAN

1.- PRINCIPIOS.

Cando a Unión Europea se enfrenta a reptos tan importantes como a ampliación a novos membros e a aprobación dun novo Tratado Constitucional, consideramos que quen traballamos por un Estado español plurinacional, pluricultural e plurilingüe e apostamos por unha nova cultura política centrada no diálogo, o respecto á diversidade e ao pluralismo, debemos tamén traballar conxuntamente por unha Europa distinta, que poña aos pobos e á cidadanía no centro da construción europea e que recoñeza o status político das nacións que a integran.

Porque o recoñecemento efectivo da condición de nacións e sociedades cos seus propios feitos diferenciais no ámbito estatal está intimamente relacionado co mesmo recoñecemento no contexto dunha Europa en proceso de articulación social, económica e política, cuxa unión debe basearse no respecto e a vertebración dos diversos pobos e culturas nela integrados. E precisamente destes feitos diferenciais e da vocación democrática de autogoberno de Cataluña, Galiza e Euskadi deriva a necesidade de garantir a presenza e a proxección das nosas realidades nacionais e institucionais no ámbito europeo e internacional.

A nosa aposta por participar desde a plenitude política en igualdade de condicións a respecto do resto de actores da escea europea e internacional derívase, asimesmo, da profunda convicción de que Europa debe ser unha realidade socio-política que transcenda da simple unión económica e monetaria e de que o noso futuro está intimamente vinculado a unhas institucións europeas realmente democráticas, transparentes e comprometidas co benestar de todos os europeos e europeas.

Lamentablemente, as institucións europeas –tanto na súa configuración actual como na que se desprende do proxecto de Tratado Constitucional elaborado pola Convención- fican alonxadas da cidadanía e cun grave déficit de representación democrática. Unha Comisión e un Consello que, pesie estaren integrados exclusivamente por representantes dos Gobernos estatais, reteñen as competencias decisivas, tanto no plano executivo como no lexislativo. Un Parlamento sen iniciativa lexislativa e sen poderes relevantes de control e dirección da política europea. Neste contexto, as organizacións políticas integradas en “Galeusca – Pobos de Europa” apostamos por unhas institucións europeas democráticas, transparentes e representativas da pluralidade nacional, social e política de Europa.

2.- COMPROMISOS.

Creemos e apostamos pois por unha Europa baseada nos principios fundamentais da liberdade, a igualdade, a democracia, o Estado de Dereito, os dereitos humanos, a cooperación e a solidariedade. Unha Europa forte en tanto que plural e diversa, formada por unha cidadanía integrada en pobos e nacións con feitos diferenciais e cunha clara vocación identitaria e de recoñecemento político, e tamén por Estados que han estar ao servizo desa cidadanía e das comunidades e realidades nacionais que os integran. Apostamos por un modelo europeo de benestar, pola política posta ao servizo da sociedade e non do mercado, por unha Europa que actúe como contrapeso do unilatellarismo e do belicismo da actual administración dos Estados Unidos para promover unhas relacións internacionais pacíficas e xustas.

Para conseguir estes obxectivos, as forzas políticas asinantes da Declaración de Barcelona comprometémonos a defender o pleno recoñecemento político e a identidade cultural e lingüística de Cataluña, Galiza e Euskadi, así como do resto de pobos de Europa. Asimesmo emprazámonos a traballar por unha política económica e social que promova o benestar, o emprego de calidade, a protección social e o equilibrio territorial. Un modelo económico e social baseado no desenvolvemento sostíbel e no cumprimento dos compromisos asumidos pola UE no contexto do Protocolo de Kyoto, na defensa dos dereitos dos consumidores e nun comercio internacional máis xusto que inclúa a todos os países do mundo. A construción dunha sociedade xusta e segura é outro dos obxectivos a perseguir non só no ámbito europeo senón no contexto das relacións internacionais ao obxecto de garantir un mundo máis pacífico e estábel. Este obxectivo será sen dúbida inacadábel mentres non se invirtan algúns dos paradigmas en que se basearon as relacións norte-sul, polo que o papel de Europa debe ser transcendental para equilibrar as posicións de hexemonía política, económica e social que se dan na actualidade e cuxas consecuencias ou manifestacións máis graves son o terrorismo e os conflitos bélicos.

Por outra banda, a defensa dunha Europa máis achegada á cidadanía, máis transparente, democrática, responsábel e respectuosa con todas as minorías nacionais, étnicas ou relixiosas que se dan no seu seo debe, á súa vez, observar en todo momento o principio de subsidiariedade. Neste sentido, as formacións políticas asinantes da Declaración de Barcelona traballaremos decididamente para asegurar que as institucións da Unión Europea actúen unicamente naqueles supostos nos que os estados ou as instancias subestatais non cheguen, de acordo coas súas capacidades ou marco competencial correspondente, a xestionar ou dar solución aos mesmos. Para isto, e no marco da futura Constitución Europea e nos procesos de reformulación do status político de Cataluña, Galiza e Euskadi, comprometémonos a achegar tanto coma sexa posíbel o proceso de toma de decisións á cidadanía das nosas comunidades nacionais e ao resto da cidadanía europea.

Este proceso de aprofundamento democrático e de consolidación das estruturas institucionais da Unión Europea debe partir da necesidade de

recoñecemento expreso da existencia e dos dereitos políticos das denominadas rexións europeas con competencia lexislativa, moitas das cais, entre as que se atopan Cataluña, Galiza e Euskadi, son auténticas nacións sen Estado. Este recoñecemento debe incorporar, ineludiblemente, a plena oficialidade das linguas propias de cada unha das nacións do Estado, e dun xeito especial do catalán, do galego e do euskera. A lingua propia, xunto co resto dos dereitos políticos que nos asisten e que deben proxectarse tanto no ámbito institucional interno do Estado como no ámbito europeo e internacional, constitúe o nervo central das nosas respectivas realidades nacionais. Neste sentido, e no contexto da vindeira ampliación da Unión Europea, Cataluña, Galiza e Euskadi reivindicán o mesmo tratamento e consideración institucional para as súas respectivas linguas propias que o que vai ser dado a algunhas das linguas que proximamente adquirirán a oficialidade na Unión Europea.

No contexto da definición de políticas sectoriais comúns da Unión Europea e da cada vez maior forza vinculante da lexislación comunitaria sobre o ordenamento interno dos estados membros e dos entes subestatais que conviven neles, as formacións políticas asinantes da Declaración de Barcelona comprometemos os nosos esforzos para que os avances institucionais e políticos permitan dotar á Unión Europea dunha política exterior e dunha política de seguridade común que, conxuntamente coas políticas económicas e sociais, impulsen un verdadeiro espazo de liberdade, seguridade e xustiza, unha política de paz que renuncie explicitamente á guerra preventiva e calquer agresión militar.

As formacións políticas asinantes da Declaración de Barcelona expresamos a nosa firme vontade de actuar en consecuencia, conforme a estes plantexamentos e principios, diante do Proxecto de nova Constitución Europea.

3.- OBXECTIVOS.

Ao obxecto de materializar o exposto nos acordos anteriores, as formacións políticas asinantes da Declaración de Barcelona manifestamos o noso compromiso cos seguintes obxectivos:

1. Impulsarmos a reforma da lei electoral para que as nosas nacións sexan recoñecidas como circunscrición electoral nas eleccións ao Parlamento Europeo. Neste mesmo sentido apoiaremos calquer iniciativa que garanta que as circunscricións electorais teñan en conta a organización administrativa, a estrutura xeográfica e a tradición histórica dos estados, as nacións e as rexións que configuran Europa.
2. Defendermos o recoñecemento oficial das linguas propias de cada nación do Estado español, especialmente o catalán, o galego e o euskera nas institucións europeas e nas de carácter internacional, especialmente as relacionadas coa lingua, a cultura, a ciencia e o ensino.
3. Promovermos a presenza das nosas nacións, dada a súa especificidade lingüística e cultural, nas representacións diplomáticas do Estado español.
4. Garantirmos a participación das nosas nacións nas delegacións do Estado nos órganos e institucións da Unión Europea que traten cuestións relativas ao ámbito competencial das nosas nacións. Asimesmo defenderemos a presenza das nosas nacións nos Consellos de Ministros da Unión Europea, formando parte da delegación do Estado.
5. Introducirmos as modificacións legais oportunas ao obxecto de garantir a participación das seleccións deportivas nacionais dos nosos países nas competicións internacionais de carácter oficial.

6. Garantirmos o establecemento de mecanismos de consulta previa ás nosas institucións de autogoberno en relación ás reunións do Consello Europeo que traten ou deliberen sobre materias que afecten ao ámbito competencial das nosas nacións.
7. Defendermos o dereito de intervención das nosas nacións diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, cando os nosos intereses e competencias se vexan afectadas por decisións ou medidas tomadas polas institucións europeas ou polos estados membros.
8. Garantirmos a participación, intervención, xestión e control das nosas institucións de autogoberno nos procesos de elaboración e aprobación de planos, programas e instrumentos de financiación estrutural comunitarios, ao obxecto de que os gobernos das nosas nacións poidan ser receptores directos dos fondos comunitarios que se xestionen no ámbito das nosas propias competencias.
9. Establecermos os marcos xurídicos necesarios que permitan o desenvolvemento de mecanismos de cooperación transfronteiriza, incluso coa celebración de acordos permanentes e institucionais en todas aquelas materias que son competencia das nosas respectivas institucións de autogoberno.
10. Garantirmos a plena integración dos corpos de policía propios das nosas nacións nas organizacións, mecanismos e estratexias establecidas no ámbito da Unión Europea no marco das políticas de seguridade e cooperación policial (Espazo Schengen).
11. Garantirmos a presenza e a participación de representantes oficiais das nosas nacións nos organismos internacionais dos ámbitos lingüístico e cultural, especialmente na UNESCO.

4.- COALIGACIÓN ELECTORAL “GALEUSCA – POBOS DE EUROPA”.

Ao obxecto de dar cumprimento a canto se expón anteriormente, os asinantes comprométense a constituir unha coaligación electoral. **“GALEUSCA – POBOS DE EUROPA”.**

A Federación **CONVERGÈNCIA i UNIÓ (CiU)**, **EUZKO ALDERDI JELTZALEA – PARTIDO NACIONALISTA VASCO (EAJ-PNV)**, o **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, constitúen a Coaligación Electoral **“GALEUSCA – POBOS DE EUROPA”** para concorrer ás vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo a celebrar o vindeiro día 13 de xuño de 2004.

Para a confección da lista electoral da Coaligación, aplicarase o seguinte criterio de distribución: os lugares 1, 4, 5, 6, 7, 10, 13, 16, 17, 18, 19, 22, 25, 28, 29, 30, 31, 34, 37, 40, 41, 42, 43, 46, 49, 52, 53, 54 e suplentes 1 e 4 serán propostos pola Federación CiU. Os lugares 2, 8, 11, 14, 20, 23, 26, 32, 35, 38, 44, 47, 50 e suplentes 2 e 5 serán propostos polo EAJ-PNV. Os lugares 3, 9, 12, 15, 21, 24, 27, 33, 36, 39, 45, 48, 51 e suplentes 3 e 6 serán propostos polo BNG.

De común acordo ou ben consumindo parte da cota asignada a cada formación política no conxunto da lista, poderán incorporarensen a esta outras forzas políticas.

5.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO.

Crearase unha comisión de seguemento para velar polos obxectivos da Coaligación ao longo da lexislatura. Estará integrada por 3 representantes de cada unha das formacións políticas asinantes do presente Acordo e, no seu caso, por un representante de cada formación política que, de común acordo, se sumen ao mesmo. A presidencia será semestral e terá carácter rotatorio entre **CiU**, **EAJ-PNV** e **BNG**. A Comisión de Seguemento reunirse como mínimo unha vez cada tres meses, sen prexuízo da súa

convocatoria extraordinaria a petición de calquer formación política coaligada.

Esta Comisión de Seguemento da lexislatura do Parlamento Europeo, entenderase sen prexuízo da vontade de establecer de forma estábel eixos estratéxicos de colaboración noutros ámbitos públicos e institucionais.

A coaligación “**GALEUSCA – POBOS DE EUROPA**” mantén a súa vocación de alianza aberta a outras formacións políticas e promoverá acordos estábeis postelectorais con aquelas formacións que tamén defendan os intereses nacionais de Galiza, Cataluña e Euskadi así como doutros pobos e nacións de Europa.

XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO

ANXO MANUEL QUINTANA GONZÁLEZ

JOSEP ANTONI DURAN i LLEIDA

ARTUR MAS i GAVARRÓ

JOSU JON IMAZ SAN MIGUEL

JOSUNE ARIZTONDO AKARREGI